

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introdución

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 55/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

As actividades na materia Música e Danza xogan un importante papel dentro do currículo, pois inclúen aspectos cognitivos, afectivos e sensoriomotrices, favorecendo así o desenvolvemento integral da persoa. Os tres ámbitos son traballados a partir dun enfoque múltiple: comprensión de aspectos musicais, realización de actividades de percepción e motricidade (audición, danza...) e interiorización de actitudes concretas (socialización, actitude crítica, educación do gusto...). A integración da educación musical no currículo de primaria está relacionada coas ideas expostas por pedagogos musicais como Dalcroze, Kodàly, Orff, Willems e Martenot, que defendían a idea de que todas as persoas temos capacidade para aprender música.

A educación musical contribúe de maneira decisiva a que os alumnos e alumnas exerciten a súa capacidade creadora, a súa autonomía, a súa socialización e a súa sensibilidade emocional e afectiva, sendo esta aprendizaxe tanto más efectiva canto antes comece. Por iso resulta altamente positivo o ensino da música xa desde a etapa de educación infantil.

A educación musical forma ao alumnado para a observación, análise e apreciación da realidade sonora xeral e, en particular, a musical, ao tempo que os prepara para gozar e participar das diferentes manifestacións deste campo, tanto na escoita activa coma na interpretación e creación propias. A intención é traballar un conxunto de destrezas que permitan apreciar e disfrutar a realidade sonora (percepción e análise), así como realizar creacións propias (creación e interpretación). Darase especial importancia a dotar ao alumnado de técnicas axeitadas para que saibam expresarse mediante a música e o corpo como outro medios de comunicación e expresión.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimientos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e assumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu son música	Esta UD pretende asentar as bases da clase traballadas ao longo do primeiro ciclo (a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc) Ao mesmo tempo traballarse a recepción activa e a vivencia no desenvolvemento dos elementos básicos da música e da danza con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do outono, Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia	30	13	X		
2	Música aquí e acolá	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza traballados. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito más destacado.	30	11		X	
3	Cara ao centro en espiral	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar e ampliar un pouco sobre os xa traballados. Os maios e as Letras Galegas serán de especial relevancia.	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu son música	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer diferentes propostas artísticas musicais.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identificar visual e auditivamente elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través da música		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demás.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demás.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer diferentes propostas artísticas escénicas e performativas mostrando curiosidade por estas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas.		

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	Música aquí e acolá	11

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procurar información de forma guiada sobre manifestacións culturais e artísticas musicais de forma individual e colaborativa.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar elementos básicos da linguaxe musical.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demás.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demás.	TI	100
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos más característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Construcción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	Cara ao centro en espiral	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándolas con interese, establecendo relacóns básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais e as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo e o son mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimientos e emocións dos demais.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacóns básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas e as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, empregando o vocabulario específico básico destas.	TI	100
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procurar información de forma guiada sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas de forma individual e colaborativa.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo e o son, mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa desde a igualdade e o respecto á diversidade.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execuções individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concreciones metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Perseguírse un modelo construtivo á hora de adquirir aprendizaxes para conseguir a aprendizaxe significativa. Para iso, deberemos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Construír aprendizaxe significativa a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar a aprendizaxe significativa ós alumnos e alumnas por si sos.
- Proporcionar situacions nas que os alumnos e alumnas actualicen os seus coñecementos.
- Proporcionar situacions de aprendizaxe co fin de que resulten motivadoras, é dicir, que teñen sentido para o alumnado.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo. Poñerase especial atención na atención á diversidade do alumnado, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Dende a área de Educación Musical se colaborará no desenvolvemento de proxectos e tarefas doutras áreas, garantindo a interdisciplinariade.

Impulsarase excepcionalmente o carácter práctico da materia atendendo especialmente á expresión e á creatividade, así como ao traballo activo e participativo.

- Expresión vocal e canto: a través do canto colectivo, ó unísono e iniciándose cara a polifonía nos cursos más elevados.
- Expresión instrumental: a través acompañamentos instrumentais con PC-PAI-PAD e de harmonizacions e acompañamentos instrumentais das cancions que aprenden nas distintas actividades.
- Expresión rítmica e movemento: a través de danzas e coreografías, e movemento musical, nas que se traballan diversos aspectos musicais: pasos básicos, movementos adecuados ó compas, Improvisación e coreografía.
- Lectura e escritura musicais: É fundamental que coñezan o código musical, pois atoparán numerosas vantaxes e gratificacións á hora da práctica instrumental e vocal.
- Educación audioperceptiva: As gravacions convértense nun material cotiá na aula, pero sen descoidala experiencia en vivo do fenómeno musical a través da práctica dos alumnos e tamén do mestre/a, intentando achegar o máximo posible aos alumnos/as á música en vivo e conseguir saídas ou asistencia a concertos didácticos.

Contacto con outras metodoloxías

Método "Orff", para traballa-lo sentido do ritmo con emprego de instrumentos de percusión ou ao traballar danzas do mundo.

Método "Kodaly", intensifica a formación auditivo-vocal dentro da escala pentatónica, a lectura directa de patróns rítmicos ou as sílabas rítmicas..

Método "Dalcroze" que parte do ritmo como ximnasia rítmica musical á que dá unha expresión plástica.

Método "Willens" , para traballar os distintos aspectos musicais, partindo sempre da experiencia do alumnado a través do desenvolvemento sensorial, con exercicios de percepción e recoñecemento dos parámetros do son.

Jos Wuytack: Musicograma e os esquemas de pregunta e resposta.

Murray Schafer: Reflexión sobre o entorno sonoro e a dicotomía ruido silencio, así como todo o que ten que ver coa

experimentación.

En relación á distribución do espazo, as clases de música deste curso serán impartidas na aula do segundo andar. O espazo formúlase intentando acrecentar a interacción grupal e o traballo cooperativo, a autonomía do alumnado e a adaptabilidade a diferentes espazos (poderemos aproveitar espazos alleos á propia aula (a aula de música do 2º andar (sempre e cando estea dispoñible), patio, xardín, pavillón), sempre e cando as inclemencias meteorolóxicas o permitan e a mestra o considere oportuno.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de altura determinada (PAD)
Ordenador con diferentes aplicacíons e programas de software libre (plan dixital), reprodutor de audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc...
Altofalantes conectados ao ordenador.
Piano electrónico
Micrófonos, pe/s de micro, cableado e mesa de mezclas.
Material diverso (xogos, tarxetas, paus chineses, vasos...)
Cartafol a4
Estoxo

As clases de música de 3º a 6 de educación primaria realízanse polo xeral, na aula de música do 2º andar. Nela, dispoñemos de instrumentos e materiais suficientes para satisfacer as necesidades á hora de tocar unha obra ou realizar calquera tipo de actividade.

A aula é bastante diáfana, tendo cadeiras de pá para os días nos que sexa preciso realizar traballo de pupitre. Nese caso, o alumnado traerá o seu material (estoxo con pinturas, lapis...) e farase responsable do mesmo. O mesmo coa frauta doce.

Para a parte de danza é un pouco máis xusta pero xeralmente buscamos espazos alternativos no caso de que non nos chegue o espazo da aula (como ben quedou reflectido no apartado anterior onde pon que se poderán utilizar distintos espazos do centro)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial (ben a través de xogos e actividades ou a través de proba escrita) para saber o punto de partida no que debemos comenzar a traballar co alumnado.

Neste eido cómpre ter en conta o alumnado do centro e o alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Segundo os datos obtidos, reflectirase de ser o caso, a necesidade de reforzos ou apoios que axuden ao alumnado a acadar os obxectivos propostos

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración, pois un grande número delas son de observación.

O 100% da nota obterase do xeito seguinte:

60% parte práctica e proba escrita (dentro das táboas de indicadores están incluídas as probas escritas)
 40% actitude de cara á materia

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperarlos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar na semana ou semanas previas ao final de cada trimestre.

O procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á persoa titora e á familia a través de correo electrónico, chamada telefónica, axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliação final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso poderanxe realizarar actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe más rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse, de ser preciso, os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de graffías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxectivo principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacusísmo, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a apaz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

Observacións:

En xeral, a área de música é unha área na que a transversalidade é unha característica propia da materia. Todas as actividades se poden relacionar dun ou outro xeito cos elementos transversais.

A creatividade e o emprendemento é un pilar fundamental na área de música, con actividades por exemplo, de improvisación, de invención de partituras...

Todas as actividades relacionadas coa linguaxe musical, así como as cancións, as lecturas e debuxos rítmicos... traballan a expresión oral e escrita e tamén a comunicación audiovisual.

Todas as actividades que se realizan tendo de por medio unha aplicación, unha proxección... traballan a comunicación audiovisual e tamén a competencia dixital.

A igualdade entre homes e mulleres e a educación para a apaz e prevención e resolución pacífica de conflitos se traballan en todas as actividades que se levan a cabo nas sesións de música. Facemos especial fincapé en que todos e todas somos iguais, coas mismas oportunidades, os mesmos dereitos e deberes, así como no respecto e na actitude comprensiva de cara ás opinións propias e alleas e de axuda entre eles e elas cando sexa preciso. Trabállase máis específicamente arredor do día da paz e a non violencia.

O elemento transversal 8 traballarase a través dos obxectos sonoros e instrumentos sinxelos, con materiais da contorna ou de reciclaxe...

Con actividades de movemento, coordinación, coidado do corpo (relaxación, respiración...), etc... estamos traballando tamén a educación para a saúde.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico na semana da música	Concerto ao que asistimos todos os cursos programado polo concello de Valdoviño.	X		
Concertos, obradoiros, actividades musicais que poidan xurdir ao longo do curso.	Actividades musicais que se nos poidan ofertar ao longo do curso.	X	X	X
Actividades musicais relacionadas coas conmemoracións (día da paz, maios, fin de curso...)	Actividades que se poidan traballar dende a área de música en relación ás conmemoracións que se celebran no centro	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida
Metodoloxía empregada
Conseguiuse que os nenos e nenas comprendan as tarefas resolvendo con claridade, de ser o caso, as dúbidas plantexadas.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Empregouse a metodoloxía reflectida na PD
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Elaborouse o material adecuado para o grupo.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Propuxéronse actividades variadas e motivadoras.
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado, mantendo o interese e fomentando a súa responsabilidade de cara á materia
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiouse a implicación das familias co traballo do alumnado.
Planificouse a actividade educativa en coordinación con outros mestres e mestras.

Descripción:

A avaliación do ensino persegue a mellora constante do mesmo. En palabras de Murray Schaffer: *¿O mestre é un alumno en constante aprendizaxe?*

Por iso, avaliaremos a práctica docente tendo en conta estes aspectos:

- As aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e os procedementos de avaliación.
- O grao de desenvolvemento da programación didáctica.
- As medidas de atención á diversidade.
- O clima de aula.
- A coordinación co equipo docente e o resto da comunidade educativa.

O obxectivo é garantir a viabilidade e calidade da avaliación persegundo que sexa válida, útil e fiable.

A avaliación realizarase ao finalizar cada trimestre, e levarase a cabo mediante unha escala de valoración, que é unha lista de indicadores de logro graduados de 1 a 3 (onde 1 será a nota máis baixa e 3 será a nota máis alta) que tratan os aspectos do punto anterior. Ademáis, nesta escala preséntase tamén unha casilla para propostas de

mellora, xa que a finalidade da avaliación é unha mellora continua do ensino.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos más significativos dos traballos realizados.

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

Esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados